

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3**

### **SESION EXTRAORDINARIA DO 11 DE FEBREIRO DE 2008**

#### ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde	
Abelairas Rodríguez, Isaura	Iglesias Bueno, Marta
Alonso Pérez, Fco. Xabier	Lago Rey, María Jesús
Calviño Rodríguez, Xulio	Larriba Leira, Elvira
Coello Bufill, Antonio	López Atrio, Laura
Comesaña Abalde, Carlos	López Carreira, Xesús
Conde Gil, Jorge	López Font, Carlos
Díaz Vázquez, Raquel	Martiño Gómez, Antonio
Domínguez Olveira, Santiago	Méndez Piñeiro, María
Fidalgo Iglesias, Miguel	Molares Pérez, Lucía Emilia
Figueroa Vila, José Manuel	Porro Martínez, María Corina
García Míguez, María Angeles	Rivas González, Angel
González Sagarra, Javier Pablo	Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Guerra Fernández, Javier Jorge	Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e trinta minutos do día once de febreiro do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes as membros da Xunta de Goberno Local Sras. Maure Noia e Silva Rego e máis o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

*Coa conformidade dos grupos municipais, a Presidencia manifesta que se debaterán conxuntamente os dous puntos da orde do día do Pleno, procedendo de seguido á votación por separado de cada un deles.*

- 1.- (18).- DIMISIÓN DO CONCELLEIRO DE MOBILIDADE, TRANSPORTES E SEGURIDADE.
- 2.- (19).- REPROBACIÓN DO ALCALDE DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 6 de febreiro de 2008, preséntase escrito asinado por membros do Grupo municipal do partido Popular Sres. e Sras. Porro Martínez, Figueroa Vila, Molares Pérez, Guerra Fernández, Martiño Gómez, Larriba Leira, Comesaña Abalde, Coello Bufill, Iglesias Bueno, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, co seguinte contido:

"Os feitos acontecidos o día 29 de decembro de 2007, cando un numeroso grupo de cidadáns accederon ao Salón de Sesións do Pleno do Concello por accesos reservados á Corporación e/ou funcionarios e máis ocuparon os asentos antes de que a sesión fose declarada aberta e pública é un feito de enorme gravidade na medida en que atenta contra o dereito dos vigueses de asistir a un acto público -porque o Pleno do Concello o é- e supuxo un desprezo e un insulto intolerable en democracia.

Dos feitos conclúese que o Alcalde e o responsable da concellería de seguridade deron orde aos axentes da policía local para que impidiran o acceso de ningún outro cidadán, cando moitos vigueses esperaban a súa quenda de entrada ao Pleno dende a madrugada.

Aínda máis. Non se cubriu o aforo con estes "invitados" o que tampouco impediou que se mantiveran as ordes dadas.

O Pleno trataba un dos documentos máis importantes das competencias municipais, o Plan Xeral de Ordenación Municipal, o deseño da cidade para os próximos 25 anos e que afecta e interesa, loxicamente, ao conxunto da cidadanía, que veu furtado, así, o seu dereito a asistir e escoitar os argumentos a favor ou en

contra dos diferentes GM respecto do PXOM.

A publicidade das sesións plenarias ven regulada en diversos preceptos da lexislación local. Así, o artigo 70.1 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local establece que "Las sesiones del Pleno de las Corporaciones son públicas. No obstante, podrán ser secretos el debate y votación de aquellos asuntos que puedan afectar al derecho fundamental de los ciudadanos al que se refiere el artículo 18.1 de la Constitución, cuando así se acuerde por mayoría absoluta"

Pola súa banda, o artigo 88 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, dispón, no seu apartado 1º "Serán públicas las sesiones del Pleno".

Tamén a Constitución refírese á liberdade de participación, cando no seu artigo 23 di "Los ciudadanos tienen derecho a participar en los asuntos públicos"

A Lei Reguladora de Bases de Réxime Local establece no seu Título V -Disposiciones comunes a las Entidades Locales- capítulo I -Régimen de funcionamiento- artigo 46 2.a "El Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decide el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera solicitada, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria"

Diante dos antecedentes expostos e en virtude do artigo 46 2.a da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita que o Alcalde convoque Pleno extraordinario da Corporación Municipal de Vigo coa seguinte orde do día:

- 1.- Dimisión do Concelleiro de Mobilidade, Transporte e Seguridade.
- 2.- Reprobación do Alcalde de Vigo."

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: O Grupo municipal do Partido Popular solicitou a convocatoria deste Pleno extraordinario para debater o sucedido o día 29 de decembro no Pleno de aprobación do Plan Xeral da cidade de Vigo.

Quereríamos comezar por unha cuestión de forma: Que distinto, Sr. alcalde, é o día de hoxe ós feitos acontecidos o día 29. Vostede hoxe dixo que se abirán as portas, sesión pública e que entrasen as persoas que ían acudir a este Pleno. O día 29 de decembro o público estaba xa sentado nas súas cadeiras e vostede non dixo nin sesión pública, nin abran as portas, nin pode entrar o público e se o queren comprobar témolo nun DVD coas informacións aparecidas e gravadas nos medios

de comunicación da cidade que lles podemos facilitar a calquera de vostedes para que teñan a xustificación clara e contundente deste primeiro feito. Polo tanto a primeira cuestión formal é que o alcalde da cidade de Vigo, o día 29 de decembro, non dixo que se abriaran as portas e o público estaba sentado antes de comezar a sesión, antes de chegaren os corporativos ó salón de Plenos.

Sr. alcalde, na primeira intervención daquel día o voceiro que lles fala do Grupo popular solicitou unha cuestión de orde antes de comezar a súa comparecencia. Dixen que nos estaban chegando informacións de persoas que estaban na praza deste Concello gardando cola, algúns deles dende as cinco da mañá, que non entraron na sesión do Pleno e non sabían por onde entraran as persoas que estaban presentes no salón. Pedímoslle unha cuestión de orde para que vostede recabara esa información e ó mesmo tempo, na segunda intervención, volvíamos insistir porque tiñamos xa coñecemento de que realmente todas as persoas que estaban gardando cola non puideron entrar ningunha delas nesta sesión plenaria e dixémoslle que sería bo para clarexar o sucedido que convocara unha Xunta de Voceiros nada máis rematar aquel Pleno. Esa convocatoria da Xunta de Voceiros aínda a día de hoxe estamos esperando por ela.

Foron dous feitos claros que se produciron naquel Pleno por parte do Grupo municipal do Partido Popular. Evidentemente logo entraremos no fondo de todas estas cuestións polo miúdo para clarexar os feitos que é o que nos levou solicitar este Pleno extraordinario. Como nin o alcalde, nin o equipo de goberno, nin o concelleiro responsable de Seguridade o fixeron durante este mes e pico, o día 6 de febreiro vímonos na obriga de solicitar un Pleno extraordinario para pedir a dimisión do concelleiro de Mobilidade, Transporte e Seguridade e tamén a reprobación do alcalde de Vigo por seren os dous maiores responsables destes feitos.

Sr. alcalde, vostede leva imprimindo ó seu goberno un carácter antidemocrático, antitransparente, censor e opaco durante os últimos sete meses do seu mandato. En tan só uns meses o percorrido democrático que andou este Concello ó longo dos últimos trinta anos, estamos vendo que vostede o está a desandar. Este percorrido democrático construímoslo todos os grupos políticos desta cidade xunto cos vigueses e viguesas, con todos os colectivos e asociacións.

Un percorrido gracias ó que a oposición recibía toda a información que precisaba

para o desenvolvemento do seu lexítimo traballo de fiscalización e de control do goberno. Un percorrido no que se recoñecía o interese xeral de todos os colectivos sociais, veciñais, sindicais e empresariais. Un percorrido que fixo de Vigo unha das cidades coa xestión máis transparente e participativa de Galicia e eu diría que de España. Ese era un mérito de todos, uns obxectivos e unhas consecucións que fixeron que todos os partidos que gobernaron Vigo nalgunha ocasión seguiran este camiño. Nestes meses de goberno do Sr. Caballero, todas esas normas de cortesía, de respecto entre os grupos municipais, entre o goberno local, entre os colectivos sociais, entre o alcalde e os seus concidadáns, viñéronse de súpeto cara abaixo.

Non é esta unha denuncia nova, o Grupo municipal do Partido Popular xa denunciou dende o inicio deste mandato e de xeito reiterado o escurantismo do alcalde e do seu goberno, a súa obsesión por impedir o traballo, a transparencia e a información non só da oposición, senón en xeral de todos os cidadáns e de moitos dos seus colectivos.

Pero todo isto non pode quedar única e exclusivamente nunha denuncia. Sr. Caballero, non se poden esquecer as normas democráticas. Vigo non é unha illa, é unha cidade dun país democrático onde a ética política comprende a transparencia, o respecto, o acceso á información. Onde hai que encaixar a crítica, onde se pode falar en liberdade sen coaccións nin represalias. Isto non está sucedendo nos últimos meses na cidade de Vigo e podémoslle dar unha mostra deses exemplos ó longo destes últimos sete meses.

Cando o goberno se conforma nas comisións informativas, vostede dentro desa formación do goberno non inclúe unha das comisións máis importantes que é a comisión de control da contratación. Obvian esa comisión, non lles interesa ese control dunha comisión que ademais curiosamente impuxérona vostedes, o Grupo municipal Socialista, cando gobernaba o Bloque Nacionalista Galego.

O alcalde nega á oposición o acceso ós expedientes da Xunta de Goberno tal como se viña realizando nos últimos vinte anos en que a oposición tiña a posibilidade de ter a información dende o momento da convocatoria destas Xuntas de Goberno.

O alcalde négalle á oposición copias de moitos dos expedientes administrativos desta Corporación. Tamén lle nega o acceso ós informes do Valedor do Cidadán antes da realización do Pleno do mesmo. O alcalde fai público o documento do orzamento para o 2008 a través dos medios de comunicación e o grupo da

oposición non recibe este documento ata que o solicita por escrito.

En diferentes sesións da Xerencia de Urbanismo solicítanse documentos, fanse preguntas e só se contestan en parte, as que interesan e as que non evidentemente esquecese a súa resposta. Tamén hai outros feitos significativos, como as peticións daquel PEN que vostede dicía da felicidade do Plan Xeral, que solicitamos por escrito e que aínda a día de hoxe non se nos remitiu.

O alcalde desautoriza o envío de cartas con certificacións plenarias como permitira facer a todos os grupos o Grupo do Partido Popular. Tamén nega o envío de telegramas, cousa que viña sucedendo por parte de todos os grupos cun número razoable de envíos.

Prodúcese tamén un apagamento informativo. Non sabemos por que as actas das sesións de Xerencia de Urbanismo e de Xunta de Goberno durante unhas datas importantes, tres ou catro meses, non se colgan da web municipal cando ata esas datas se viña facendo permanentemente.

En sesións da Xerencia de Urbanismo impídese que o PP, nalgún caso por estratexias de seu, fixera uso da palabra e mesmo chegouse impedir ó secretario desa Xerencia informar logo de que este Grupo político lle fixera unha consulta.

O día 8 de xaneiro reclámaselle por escrito un documento que se presentou no Rexistro da Xerencia no que o xefe do Gabinete de Planificación e Coordinación da Casa Real pide información sobre o Plan Xeral de Vigo e o alcalde aínda a día de hoxe non nos remitiu ese documento, non nos contestou.

De 130 solicitudes de documentación realizadas durante sete meses por este grupo municipal o goberno só contestou a 73 e na maior parte dos casos fóra do prazo legal que lle outorga o ROF. Esta é unha serie de exemplos do que está sucedendo e que coidamos que os veciños e veciñas da cidade de Vigo teñen que coñecer.

Pero un dos temas máis graves sucedido durante os últimos anos, diría que quizais un dos asuntos máis graves que sucederon na democracia desta cidade, foi o acontecido o día 29 de decembro na aprobación do Plan Xeral. Imos entrar nas formas do que sucedeu.

O mesmo día do Pleno, xa dixen no inicio desta intervención que o noso Grupo fixo mención especial á situación que se estaba producindo, polo tanto o alcalde non podía obviar o que estaba ocorrendo. Evidentemente logo de transcorrido máis dun mes non nos estraña que o Sr. alcalde non fixera caso daquelas denuncias do

Grupo da oposición porque o alcalde era un dos directores da manobra, unha das persoas que amañou todos aqueles feitos apoiado polo concelleiro de Tráfico e Mobilidade e polo seu director de Gabinete. Iso aparece reflectido nos partes da Policía, nos medios de comunicación e coñecido por todas aquelas persoas que estiveron presentes nesta sesión plenaria.

Nós pedímoslle unha Xunta de Voceiros; vostedes fixeron caso omiso a esa convocatoria. Sempre que neste Concello un grupo político pedía unha Xunta de Voceiros para clarear algunha situación, na maior parte dos casos esa Xunta de Voceiros convocábase o máis axiña posible. Neste caso, a día de hoxe aínda esa Xunta de Voceiros non se convocou, nin para dar explicacións, nin para que o grupo da oposición e os cidadáns estiveran polo menos informados do que sucedeu.

Nós imos seguir reiterando as nosas queixas. O non se producir esa Xunta de Voceiros é o que nos leva ó Grupo Popular a pedir a convocatoria deste Pleno para que en sesión pública, como si se fixo hoxe, como si marca a normativa, poidamos analizar o sucedido e que o goberno nos dea conta de todo.

Durante este mes e medio o goberno estivo de costas á cidadanía, á oposición e a todas aquelas persoas que lle criticaron dun ou doutro xeito. Parécenos que é unha falla de transparencia, de democracia, de participación e dende logo que un feito destas características foi o que nos levou ó Grupo municipal do Partido Popular, repito novamente, a solicitar este Pleno.

A solicitude do Pleno di o seguinte: “Os feitos acontecidos o día 29 de decembro de 2007, cando un numeroso grupo de cidadáns accederon ó salón de sesións do Pleno do Concello por accesos reservados á Corporación e/ou funcionarios e máis ocuparon os asentos antes de que a sesión fose declarada aberta e pública, é un feito de enorme gravidade na medida en que atenta contra o dereito dos vigueses de asistir a un acto público do Pleno do Concello. Supuxo un desprezo e un insulto intolerable en democracia”.

É dicir, que persoas que non estaba gardando a cola, acudiran a esta sesión pública por outra porta de atrás, parécenos un dos feitos máis intolerables acontecidos na democracia desta cidade, sobre todo cando logo se argumenta que todo se fixo baseado nas máis estritas normas de legalidade cando todos sabemos que isto non foi así.

Continua o noso pedimento de Pleno dicindo o seguinte: “Dos feitos conclúese que

o alcalde e o responsable da Concellería de Seguridade deron ordes ós axentes da Policía Local para que impediran o acceso de ningún outro cidadán cando moitos vigueses esperaban a súa quenda de entrada ó Pleno dende a mañanciña”.

Parécenos que é un insulto ós cidadáns, un desprezo e unha falla de respecto intolerable que se poida facer isto ós vigueses e ás viguesas, estean ou non de acordo coas nosas decisións. Moitos grupos tivemos que aguantar decisións contrarias neste Pleno, mesmo ter que suspender algún Pleno e realizalo a porta pechada.

Sr. alcalde, isto non é democracia, esa decisión que tomou vostede apoiada no seu concelleiro de Seguridade e no director de Gabinete non é transparencia, non é facer cidade, nin que nos sintamos demócratas nunha cidade que si coidamos que o é. Iso chámase todo o contrario: medidas ditatoriais, caciquís, autoritarias, abuso de poder en definitiva, foi o que fixo vostede ese día. Aínda máis, un dos temas graves foi que non se cubriu o aforo con estes invitados e que tampouco impediu que se mantiveran as ordes dadas.

Evidentemente o Pleno trataba un dos documentos máis importantes das competencias municipais que era o Plan Xeral de Ordenación Municipal, o deseño da cidade para os vindeiros vinte e cinco anos e que afecta e interesa loxicamente ó conxunto da cidadanía que ve furtado así o seu dereito a asistir e a escoitar os argumentos en favor ou en contra dos diferentes grupos municipais respecto ó Plan Xeral.

Imos entrar agora nas cuestións legais e tamén nun dos motivos polo que solicitamos a convocatoria deste Pleno, porque nos preocupa a legalidade do futuro.

A publicidade das sesións plenarias ven regulada en diversos preceptos da lexislación local. Así o artigo 7.1 da Lei reguladora de bases de réxime local establece que “as sesións do Pleno das Corporacións son públicas. Non obstante poderán ser segredos o debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar ó dereito fundamental dos cidadáns ó que se refire o artigo 18.1 da Constitución cando así se acorde por maioría absoluta”. Caso que non se daba nestas circunstancias.

Por outra banda, o artigo 88 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais dispón no seu apartado 1: “Serán públicas as sesións do Pleno”.



Tamén a Constitución refírese á liberdade de participación cando no seu artigo 23 di: “Os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos”. A Lei reguladora de bases de réxime local establece no seu Título V, Disposicións comúns ás entidades locais, Capítulo I, réxime de funcionamento, artigo 46.2.a): “O Pleno realiza sesión extraordinaria cando así o decida o presidente e a cuarta parte polo menos do número legal de membros da Corporación”. Isto é o que nós facemos porque temos máis desa cuarta parte e polo tanto solicitamos este Pleno extraordinario.

O que nos preocupa da situación do día 29, á parte de privar da liberdade, dos dereitos que teñen os vigueses e as viguesas, en xeral todos os cidadáns e colectivos, é a vulneración da publicidade das sesións plenarias porque esta situación pode ter consecuencias legais cara ó futuro. Está probado o menoscabo das decisións que vostedes tomaron ese día con respecto á asistencia do público á reunión convocada, coartando o seu dereito e a súa participación.

Preocúpanos, Sr. alcalde, porque as consecuencias que se poden derivar deste incumprimento de publicidade da sesión poden significar a súa nulidade e dos acordos adoptados nela. Se quere lle podemos dar varias sentenzas do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura do 3 de abril do ano 1993, nun Concello de Casas de Don Antonio en Cáceres, onde unha situación similar a esta provocou a nulidade do acordo adoptado. Polo tanto evidentemente esta situación si nos preocupa. Tamén hai outra Sentenza do Tribunal superior de Xustiza de Castela-León para o Concello de Valladolid, de características similares, que evidentemente tamén pode facer que a nulidade deste Pleno poida traer consecuencias graves.

Sr. alcalde, nós esperamos que este Pleno hoxe lle sirva para rectificar, para lles pedir desculpas a moitos colectivos, a moitos cidadáns que o día 29 de decembro quixeron acudir a esta sesión plenaria e non foron quen. Ademais coa gravidade que outras persoas próximas a vostede se colaron pola porta de atrás e entraron a este Pleno pola porta non habitual para acudir ás sesións plenarias. Parécenos que ten que aproveitar este Pleno para recoñecer o seu erro e a súa toma de decisión xunto co concelleiro delegado de Tráfico e Seguridade. Se vostede segue insistindo no seu erro, dende logo que o único responsable das consecuencias será vostede, o equipo de goberno e os grupos municipais que o apoien.

Como dicía ó principio, parécenos que esta cidade non pode retroceder no camiño andado da participación, da transparencia. En momentos duros que tivo esta cidade xamais ocorreu algo similar e houbo momentos duros nesta cidade de Vigo cando moitos colectivos reivindicaban posicións ou escenarios totalmente distintos dos que marcaba o goberno da cidade en cada momento. Aquí aguantouse estoicamente ó público e cando non foi oportuno ou prudente, cando en momentos puntuais o público chegou ter situacións de tensión, mesmo os Plenos se fixeron a porta pechada e acudiron todos os grupos municipais cando se tomou esa decisión. Sr. alcalde, está vostede na última oportunidade de pedir desculpas á cidade, de recoñecer o seu erro e de tentar que estas situacións non se volvan repetir. Esperemos que non se volvan repetir polo ben da cidade, de todos os vigueses e viguesas, polo ben da democracia, da participación, da transparencia e porque este concello non se converta en antidemocrático, anti-transparente, censor, opaco e caciquil. Parécenos que todo iso é doutras épocas que por sorte para esta cidade están superadas.

Repito novamente que hai que encaixar a crítica, hai momentos doces na vida municipal pero tamén os hai amargos, momentos onde un goberno, un alcalde, un concelleiro, ten que aguantar a presión da cidade e ser quen de asumir que hai colectivos, veciños e veciñas, que poden non estar de acordo coas nosas decisións e que teñen que ter a liberdade, cumpridos os seus dereitos e ningún gobernante, ningún alcalde, ningún equipo de goberno axudado no seu concelleiro e no seu director de Gabinete, poden tomar decisións que prexudiquen esas características que ten que ter un concello democrático como o da cidade de Vigo e unha Corporación e un Pleno que ten que realizar as súas sesións públicas.

Imos solicitar a dimisión do concelleiro de Mobilidade, Transporte e Seguridade e, por suposto, a reprobación do alcalde por todos estes feitos que sinalamos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Unha intervención moi breve, fundamentalmente para lle pedir ó Grupo municipal do Partido Popular respecto á Policía Local e ós seus mandos.

Dígoo precisamente porque nunha moción presentada no Pleno anterior polo Grupo municipal do Partido Popular se gababa a misión adxudicada ás forzas e corpos de seguridade, baixo a dependencia do goberno, de protexer o libre exercicio dos

dereitos e liberdades garantindo a seguridade cidadá. Recoñecía tamén a moción o traballo, esforzo e profesionalidade de todos os membros da Policía Nacional, Garda Civil e Policía Local que realizan as súas funcións no termo municipal de Vigo.

Bo exemplo están vostedes dando precisamente cos que teñen máis cerca, a Policía Local, ós que deberían polo menos respectar.

Vostedes están a facer xusto o contrario dende o primeiro momento, están a poñer en dúbida permanentemente o informe que presenta globalmente a actuación da Policía Local o día do Pleno que é obviamente o informe do intendente en funcións de xefe de Policía que certifica o desenvolvemento regulamentario do Pleno do día 29 de decembro.

Están a poñer en dúbida repetidamente dun xeito moi planificado que o obxectivo da Policía Local e por suposto de quen lles fala, como deixa claro o informe, foi asegurar en todo momento a presenza do público pola orde de chegada porque si estaban na cola e de primeiros; o obxectivo foi evitaren en todo momento situacións de violencia; que as medidas de urxencia tomáronse nun ambiente crispado e para garantir a seguridade e por suposto o exercicio das liberdades.

Cando máis tarde e ante o seu requirimento lles damos todos os informes presentados, ademais do global do intendente xefe o do inspector que recolle a identificación dos supostos implicados no estoupido dos petardos que esnaquizaron as ventás das oficinas da Policía, ou o informe das actuacións do inspector principal, vostedes seguen sen respectar a profesionalidade da Policía Local.

Xusto ó contrario do concelleiro que lles fala, ata o punto de que como di o inspector principal no seu informe, fíxenlle caso cando ante o meu desexo de empezar a deixar entrar ó público, leo textual: "...de deixar entrar ó público que estaba en primeiro lugar a partir das 8,30 moi gradualmente, aceptei o seu consello "persoal e profesional" de non o facer por non ter condicións o vestíbulo para manter á xente esperando ata a apertura da sesión". O que foi mágoa porque, do faceren, igual non sucederían os feitos posteriores e non estaríamos no ruxerruxe absolutamente falaz a que pretende reducir o Partido Popular o moi importante Pleno do 29 de setembro.

Iso é o que pretenden vostedes, pretenden facer esquecer que ese día se debateu con público nesta sala de Plenos o contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal con plena liberdade e serenidade, sen ningunha limitación para os corporativos que

fixeron uso da palabra, que tiveron a sorte de utilizar a súa palabra nese importante Pleno.

Pretenden facer esquecer que ese día votaron en contra dun Plan Xeral de Ordenación Municipal moi semellante ó que pularon vostedes no anterior mandato pero que, ademais doutras múltiples melloras, contén un grande cambio, o cambio que para min xustifica por si só o voto a favor, que é a incorporación do 42% de vivenda protexida.

Iso é o que non lles gusta, que a xente desta cidade lembre que ese día vostedes estiveron ó carón dalgúns propietarios e promotores en troques de estaren coa maioría dos cidadáns que queren que se faga efectivo o dereito á vivenda que consagra a Constitución. Só por iso os que deberían dimitir son vostedes. Moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Entendo que o Grupo Socialista está dividindo a intervención en dúas persoas. Sra. Silva, ten a palabra.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. alcalde, unha cuestión de orde. Poden intervir o que queiran pero nos parece que non é de recibo. Gustaríanos que o Sr. secretario nos informase desta situación.

A PRESIDENCIA: O Grupo Socialista está dividindo a súa intervención en dúas persoas, forma parte razoable do xeito de levar debates. Agora ben, se vostede ten inconveniente de que interveñan dúas persoas dígao.

SR. FIGUEROA VILA: Que falen os que queiran, como se queren falar todos.

A PRESIDENCIA: Ata agora debo dicirlle que a primeira persoa utilizou catro minutos e vostede trinta. Agora ben, se vostedes o desexan non haberá máis intervencións do Grupo Socialista.

SR. FIGUEROA VILA: Non, por favor, todos os que queiran vostedes.

SRA. SILVA REGO: Non se pode falar de democracia e logo tentar impedir que a

persoa á que se lle está a pedir a dimisión non poida facer uso da palabra. Esa é a democracia que entende o Partido Popular.

Quero comezar dicindo que os homes e mulleres que formamos parte do Grupo municipal Socialista hoxe somos todos o alcalde e o concelleiro de Seguridade, Mobilidade e Transporte; todos nós somos esas dúas persoas.

Quero continuar dicindo que nunha sociedade de dereito, cando se fan afirmacións teñen que estar baseadas en probas ou indicios motivados, cousa que hoxe non ocorreu neste Pleno coa intervención do Sr. Figueroa. Pola contra nos informes policiais se reflicten con exactitude os feitos. Eses informes son os únicos documentos valedoiros e calquera outra afirmación é rotundamente falsa. Mente quen tente sinalar que os cidadáns que accederon ó Pleno o fixeran de xeito escurantista porque nos informes consta que accederon polo acceso dos funcionarios para evitaren males maiores.

Mente tamén quen tente dicir que se atentou contra o dereito dos vigueses de asistir a un acto que é público. Atrévase alguén a afirmar que as persoas que estaban no Pleno non son cidadáns e cidadás vigueses que accederon porque eran os que chegaron antes? En que se basean os que así o formulan, que datos obxectivos teñen? Nos informes da Policía, únicos documentos valedoiros sobre o acontecido o día 29 de decembro, consta que se permitiu o acceso ós que chegaron antes.

Espero que ninguén estea tentando dicir que eses informes incorren en falsidade porque sería unha acusación dunha gravidade insólita da que deberían responder aqueles que se atrevan a facela. Isto é unha proba do que o Partido Popular promulga. Sería ós que fixeran esta afirmación ós que lles habería que lle pedir a súa revogación e a súa dimisión fulgurante.

Se pola contra ninguén dubida dos informes policiais, de que estamos a falar? Que teríamos que facer? Permitir que entrasen os que chegaron máis tarde? Abrir as portas de par en par para que entrasen máis persoas que o aforo que ten o Pleno para o público? Permitir que os conatos de violencia que relatan os informes policiais se convertesen en agresións e violencia manifesta? Ou se pretendía que os petardos que se fixeron estralar no exterior do Concello fosen estralados no interior do Pleno? Era iso o que o PP desexaba? Ou mesmo máis, tiña o PP algo que ver coa violencia que se avenciñaba? Quero supoñer que non, pero é tanto o malestar que

amosaron a día 29 de decembro diante dun Pleno que se desenvolveu na máis absoluta das normalidades que certamente dá moito que pensar.

En todo caso a información que achegan os informes da Policía deixan claros varios aspectos. Primeiro, había persoas dispostas a xerar situacións de violencia anunciadas polas tensións e conatos de agresións entre os que levaban tempo esperando na porta e os que forzaron a empuxóns para ocupar os primeiros postos. Que o obxectivo que se perseguíu foi asegurar a presenza pública no Pleno e que accederan os que chegaron primeiro. Que as sete ou oito cadeiras baleiras eran as que estaban reservadas para os xornalistas que se acreditaran e hai constancia escrita desas acreditacións.

Por último, que se actuou seguindo os ditados da sensatez, da orde e coas mesmas premisas que para todos os Plenos que poidan ser conflictivos.

Consta ademais, e isto é moi relevante, que no exterior do edificio do Concello producíronse actitudes violentas. Por certo, señores do Partido Popular, Sr. Figueroa, Sra. Porro, non lles escoitei reprobar esa violencia, iso é o que vostedes tiñan que facer o día 29 de decembro: reprobar ós violentos. Pero iso non o fixeron porque vostedes desexaban que isto ocorrese. É máis, non teño ningunha dúbida de que esperaban que esa situación se producira no interior do Pleno. Digan o que digan iso é o que esperaban, en todo caso aínda están a tempo de facer esa reprobación ós violentos e non ó alcalde e ó concelleiro de Seguridade. Se non o fan serán vostedes os que deberían dimitir e non o concelleiro de Tráfico, Seguridade e Mobilidade.

Se non o fan todos os cidadáns saberán cal é o seu obxectivo real, cal era o día 29 e cal é hoxe: o mesmo motivo, potenciar o enfrontamento, algo que por outra banda levan facendo dende o primeiro día en que este Goberno tomou posesión. É certo o que vostede dicía, Sr. Figueroa, de que esta non é unha denuncia nova. Vostedes levan na denuncia e no enfrontamento dende o primeiro día que este goberno tomou posesión.

Se vostedes fosen xente seria darían marcha atrás, asumirían o erro da proposta deste Pleno extraordinario que solicitaron, entoarían o “mea culpa” e poríanse facer unha oposición seria porque realmente isto é o que agachan as dúas peticións que hoxe estamos a debater neste Pleno: a súa incapacidade para facer oposición, Sr. Figueroa, para presentar alternativas serias e globais e o enorme

cabreo que lles provoca ter fronte a un goberno que funciona, que ten ideas, que pon en marcha proxectos e que quere construír un Vigo grande.

Diríxomo ós cidadáns porque teñen que saber que detrás deste Pleno o que agachan vostedes é que non soportan que teñamos aprobado o orzamento, aprobado o Plan Xeral de Ordenación Municipal, que estea en marcha un plan de humanizacións que vai facer posible que todos os barrios e parroquias teñan un tratamento igualitario. Non soportan que se estean aplicando políticas educativas para que os nenos e nenas e mozos e mozas vigueses teñan un programa de inglés que lles vai permitir ter competencias cara ó futuro; non soportan que a Xunta de Galicia estea facendo un investimento en Vigo como nunca se fixo; nin que o goberno do Estado estea investindo na nosa cidade como tampouco xamais se fixera.

Non soportan que as ordenanzas fiscais contemplan rebaixas para os que máis o necesitan; nin que se vaia poñer en marcha un plan de emprego ambicioso e cun investimento moi importante. Non soportan que se estea avanzando con velocidade de cruceiro en actuacións que van mellorar substancialmente o tráfico, a mobilidade e a seguridade; que nas nosas fileiras haxa unha concelleira que leva o nome de Vigo por todo o mundo e lévao ligado da man do medio ambiente, da natureza, do esforzo, da valentía, do tesón e do desexo de facer posible metas que para inmensa maioría dos cidadáns son inalcanzables.

Non soportan que teñamos un contacto cotiá cos cidadáns, escoitando as súas reivindicacións e poñéndonos ó seu carón para resolver os problemas que padecen. Non soportan que o alcalde estea levando o nome de Vigo por toda Galicia, por toda España, por Portugal. Non soportan que Vigo teña unha presenza moi importante na Federación Española de Municipios.

A vostedes encantaríalles que Vigo fracasase, pero non o van conseguir, sábeno e por iso montan estes circos, fano hoxe aquí e cada xoves na Xerencia de Urbanismo. Empezaron facelo no Pleno de aprobación provisional de orzamentos cando o abandonaron e iso que iamos tapar as súas débedas; fano en todos e cada un dos Plenos que realizamos usando a mentira, a descualificación e o catastrofismo.

A última proba foi no último Pleno cando un dos seus concelleiros faltou gravemente ó respecto de dous membros deste goberno. Por certo, non van

vostedes reprobar ó Sr. Sagarra? Porque recoñecerán comigo que o seu comportamento foi totalmente reprobable. Non lle van pedir a dimisión por un comportamento que só se pode cualificar de deplorable?

Esta mesma estratexia de enfrontamento fixérona no Pleno do día 29 de decembro. Aquel día se debatía sobre unha das decisións máis salientables que ten que tomar unha cidade; aquel día vostedes non deron nin un só argumento en contra do Plan, quedou en evidencia que non tiñan nin un só motivo para votar en contra e puxéronse ó carón dos violentos, é máis, parecían esperar ós violentos. Aquel día decidíase se os cidadáns e cidadás de Vigo ían poder ter acceso a unha vivenda digna a prezos alcanzables e vostedes decidiron poñerse ó carón dalgúns promotores que defenden a especulación e o peor é que neste Pleno teñen ese obxectivo agachado: manter a alianza cuns poucos promotores.

Vostede, Sr. Figueroa, e vostede, Sra. Porro, pretenden ver se metendo ruído poden acadar o seu obxectivo que non é outro que o de paralizar o Plan Xeral. Fracasaron o día 29 de decembro e non o asumiron. Fracasaron porque non tiñan argumentacións que avalaran a súa posición ou porque lles fallaron os apoios externos. Agora pretenden reproducir o que non foron quen de acadar o día 29. Pois non o van conseguir, hoxe estamos neste Pleno e coidan que gañaron uns poucos minutos de gloria pero erran unha vez máis. Hoxe os cidadáns verán de novo que vostedes son o partido do non, os do ruído, os agoireiros, os tristes, os baleiros de ideas e contidos; hoxe verán como son realmente.

Hoxe os cidadáns descubrirán que vostedes menten aínda que non é a primeira vez que o fan e polo tanto tamén están acostumbrados. Mentiron hai só cinco días cando dixeron en público que por remitir unha certificación cun erro se paralizara tres semanas o Plan Xeral. Se vostedes son quen de mentir diante dunha evidencia, que non serán vostedes quen de facer sen probas, sen indicios e sen ningún tipo de informe que avale a mentira que hoxe estamos a debater aquí.

Hoxe vostedes menten. Non teñen nin un só dato obxectivo que avale as afirmacións que fixo o Sr. Figueroa na súa intervención, nin un dato, nin un informe, nin unha soa evidencia e repito novamente que nun estado de dereito só a proba e os indicios motivados poden avala unha acusación. Pero lles dá igual trátase de lles xerar inquedas ós cidadáns, de xerar desconfianza, de paralizar Vigo.

Repito que a vostedes non lles interesa Vigo nin o seu futuro e demostrárono o día



29 e demóstrano novamente hoxe. Eu lanzo unha pregunta ó ar: se o día 29 os violentos foran quen de paralizar o Pleno e polo tanto a aprobación do Plan Xeral, que estaría dicindo a cidade? que estaría dicindo Citröen, o sector da construción, os promotores responsables, o presidente da Confederación de Empresarios de Galicia que hai uns días dixo que a única salvación da construción era a vivenda protexida? Está claro que estarían moi preocupados polo futuro económico e social da cidade. Pero a vostedes lles dá igual, preferirían que iso ocorrera para lle sacar rendibilidade política. Vostedes son unha oposición destrutiva, con mala cara, enfadada, en tensión, que transmite rabia, rancor e non asumen os resultados electorais. Non sabemos que intereses defenden.

Unha proba clara do que estou a dicir é como cambiaron vostedes de posición. Vou ler unhas declaracións que apareceron nos medios de comunicación: “Non estou disposta a consentir que volvan os tempos pasados e que Vigo se faga famosa por estas situacións. Chegarei ás últimas circunstancias”. Son palabras da Sra. Porro pronunciadas en referencia ó Pleno da primeira aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo en decembro de 2006 con motivo do alboroto que se produciu no Pleno.

Agora xa non queren que Vigo deixe de transmitir unha imaxe do pasado, de confrontación, de petardos, de ovos tirados contra o Concello que é de todos os cidadáns. Agora xa non lles importa a vostedes que sexamos novas pola violencia. Agora queren vostedes que Vigo apareza como unha cidade famosa polo alboroto e polo enfrontamento. Que cambiou para que vostedes cambiaran tanto a súa posición?

Contestareilles que agora xa non gobernan e entón para vostedes todo vale: a liorta, a descualificación, a rotura dos Plenos, todo lles vale. Pero este comportamento lles vai pasar factura. Vostedes non teñen nin un só dato obxectivo en que basear as súas denuncias. Cando non se teñen datos é que se está falseando a realidade. Vostedes están falseando o que aconteceu o día 29 e sábeno. Pretenden frear a actividade do goberno e non o van conseguir porque enfronte teñen a homes e mulleres con profundos valores, con ideas moi claras que queren que Vigo siga adiante e que non se arredan ante as vellas mañas da dereita: as de montar folión, as de sinalar incerteza, as de falsear a verdade.

A historia deste país está chea de tristes exemplos desa estratexia da dereita, pero

tamén da resistencia dos cidadáns a deixarse atrapar por ela. Vostedes erraron. Asegúrolles que non van calar por moito ruído que fagan. Repítolles unha vez máis que non admitimos leccións de ética de vostedes, da dereita, nin de democracia, nin de transparencia, nin de crenza profunda nos valores democráticos. Non admitimos leccións de vostedes porque lles queren dar leccións de democracia ó alcalde e ó concelleiro de Seguridade, Mobilidade e Tráfico, dúas persoas cunha traxectoria política pola loita polas liberdades neste país que ninguén se atreve a dubidar.

Hoxe nos estamos atopando nun Pleno triste, provocado por unha oposición triste que non ten ningunha dúbida en mentir con tal de acadar un pequeno minuto de gloria. Hoxe estamos aquí a reproducir o que vostedes querían ter o día 29 de decembro. É certo que máis calmo porque saben que unha situación de enfrontamento total se voltaría en contra de seu, en todo caso estou convencida de que este Pleno se volta na súa contra. Non ten ningún sentido pedir unha reprobación ou unha dimisión dun concelleiro cando non hai nin un só dato que avale o que vostedes están a presentar.

Coido que deberíamos facer un esforzo por volver á tranquilidade e porque poidamos exercer libremente as nosas tarefas de goberno e vostedes as súas de oposición dende a seriedade e non dende o enfrontamento.

Vigo non se merece isto.

*A intervención da Sra. Silva Rego foi interrompida en varias ocasións por berros ou aplausos do público asistente no salón de Plenos.*

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Na crispación e na confrontación nunca nos van atopar. Eu vou facer no nome do meu Grupo municipal unha soa intervención para deixar claras algunhas cousas que coido que convén explicar e sobre todo para deixar clara a opinión dun grupo municipal por riba de calquera tipo de dúbida, de ameaza ou acusación velada que non imos facer.

Estou absolutamente convencido de que o Partido Popular non ten nada que ver coa violencia. Pero tamén estou absolutamente convencido de que vostedes, señores e señoras do Partido Popular, están utilizando o Pleno desta Corporación para crispar á cidade cun único obxectivo electoral.

Dende o 29 de decembro pasan exactamente un mes e tres días. Logo deste tempo volvemos falar pero non do PXOM, non do documento máis importante que aprobou esta cidade e que entre todos e todas temos evidentemente que acadar que empece a funcionar e que se desenvolva do xeito mellor posible.

Non falamos diso. Falamos do acontecido no Pleno do 29 de decembro, logo de falar e falar moito nos medios de comunicación, de que colectivos desta cidade falaran moito do acontecido, as tres formacións políticas tamén o fixemos, houbo declaracións duns e doutros, acusacións, ameazas de levar o tema ó xulgado, algunhas que mesmo se fixeron efectivas e logo dun mes e trece días volvemos novamente falar do acontecido no Pleno do 29 de decembro. Isto é porque estamos en eleccións, en época electoral.

Vostedes porque son o mesmo e fan o mesmo que o Sr. Rajoy cando, faltando nada máis que dous ou tres meses para que rematara unha lexislatura, leva ó Congreso a reprobación dunha ministra. Hoxe vostedes traen aquí a menos dun mes das eleccións a reprobación do alcalde e do concelleiro de Seguridade.

Necesitan ter unha tribuna e esta é boa se se utiliza loxicamente con corrección como eu lles pido a todas as forzas políticas que así o fagan. Necesitan unha tribuna para utilizar as súas armas en contra do Partido Socialista porque estamos en eleccións. Necesitan tamén que canto antes se agache a postura que tiveron sobre o PXOM e que non entenderon moitos dos 66.000 votantes que tiveron, non entenderon como votan en contra dun Plan que é practicamente o mesmo que sempre apoiaron.

Iso é utilizar como tribuna e con fins electoralistas o máis sagrado que ten a representación democrática desta cidade que é a Corporación porque é elixida polos veciños e veciñas. Necesitan esa confrontación porque no barullo a vostedes vailles ben aínda que á cidade non.

Empezaron vostedes nuns primeiros momentos desta Corporación anunciando que este goberno non ía durar, que ía haber unha ruptura inmediata. Cando se deron conta de que non era así seguiron coa teima de que nesta cidade había dous alcaldes e que non se sabía ben quen mandaba máis, se un ou o outro. Como iso tampouco abundaba, nas últimas semanas están vostedes dicindo que se o Bloque somos cómplices de non sei que.

Non me estraña, Sres. do Partido Popular, que vostedes estean na oposición porque

teñen un discurso absolutamente distanciado da xente. Os veciños e veciñas de Vigo hoxe están moi preocupados pola desaceleración da economía, polo parón da construción e porque as cifras do paro van empeorando; en definitiva, están preocupados porque esta cidade teña un instrumento eficaz para desenvolver e volver tirar do seu desenvolvemento e da súa economía. Esa figura é o PXOM que ten que incidir en todos estes aspectos económicos.

A maioría da cidadanía viguesa xa escoitou as explicacións de cada quen sobre o acontecido, xa ten formada a opinión do que alí aconteceu. A cidadanía é moi sabia e tomou nota das actitudes duns e doutros.

O que temos que facer as forzas políticas é expoñer a nosa opinión sobre o acontecido, debater onde hai que debater e pasar páxina porque a historia desta cidade se conforma pasando páxinas e traballando cara ó futuro e non permanecendo permanentemente no desenvolvemento dos problemas e incidindo neles. Avánzase e faise traballo político pasando páxina e traballando cara ó futuro.

O Bloque Nacionalista Galego dixo naquel Pleno que quería e esixía unha investigación sobre o acontecido. Despois do solicitar, o Bloque Nacionalista Galego pediu as explicacións pertinentes desa investigación nunha Xunta Local de Goberno e se nos deron. Tamén dixemos publicamente que esas informacións non nos convenceron e volvémoslo repetir hoxe aquí porque así o dixemos na Xunta de Goberno Local e publicamente: non nos convenceron. O Bloque Nacionalista Galego opina, señores do Partido Socialista, que tamén hai que ter autocrítica, que algo se faría mal ese 29 de decembro cando espertou ese clamor en moitos colectivos e en moitos cidadáns que non puideron acceder a el.

Pero unha cousa é dicir e admitir isto e por suposto dicir taxativamente que non queremos que volva ocorrer e outra cousa moi distinta é facer desa actuación algo fóra absolutamente de lugar e contexto como é a reprobación dun alcalde ou a dimisión dun concelleiro.

Parécenos que todos temos que aprender. O Sr. Calviño ten que aprender igual que todos, por suposto. Temos que mellorar en todo o que sexa claridade, transparencia e participación porque este goberno está empeñado na transparencia, na claridade e na participación.

O Bloque Nacionalista Galego non necesita leccións de democracia nin de participación do Partido Popular, non necesitamos ningún tipo de lección.

Negámonos a asistir a Plenos a porta pechada presididos polo Partido Popular. Na retina de moitos galegos e galegas aínda están certas imaxes que se viron por televisión de como o Partido Popular bota dos seus mitins ós que lles berran ou critican. Polo tanto ninguén nos ten que dar leccións de transparencia, de claridade e de participación.

Iso si, dende o Bloque Nacionalista Galego aceptaremos sempre calquera suxestión da oposición, aceptaremos calquera crítica e comunicación que sirva para mellorar a transparencia, a claridade e a participación cidadá; sempre estaremos dispostos. Agora ben, e remato coa intervención neste debate, señores do Partido Popular, señores do Partido Socialista, non nos van atopar na confrontación e na utilización desta Corporación con fins unicamente electoralistas.

SR. FIGUEROA VILA: Logo do que acabamos de escoitar do Sr. Calviño, da Sra. Silva e do Sr. Domínguez Olveira non só coidamos que este Pleno é necesario, senón que nos parece que se tiña que convocar e que se ten que producir o debate plenario porque lles vou demostrar, xa non vou utilizar a verba mentir, senón que están falseando e enganando ós cidadáns. Pero o máis grave de todo é cando hai 60, 200 ou 20 cidadáns que saben que vostedes os están enganando; hai 20 ou 30 xornalistas que tamén saben que os están enganando porque eles recolleron o que aconteceu ese día no Pleno e está escrito por eles.

Con tempo e tranquilidade imos repasar o que dixeron os medios de comunicación da cidade de Vigo o día 30. Supoño que vostedes coincidirán en que din a verdade porque senón non hai nada que dicir, pero vostedes están dicindo que non a din as persoas que nos informan, que son os altofalantes, as persoas que gravan porque neste DVD está gravado absolutamente todo o Pleno, dende que o alcalde entra, antes de se sentar fala co secretario, vese claramente que antes de abrir a sesión pública hai cidadáns que están xa sentados no pleno.

Isto só, Sra. Silva, serviría para anular ese Pleno, só porque o alcalde no abre o plenario con sesión pública: "Ábranse as portas e entre o público". Están sentados os xornalistas e todos os cidadáns que logo xa asisten ó Pleno, ademais teñen nomes e apelidos porque se ve claramente nas fotos dos medios de comunicación e na gravación dos vídeos quen son as persoas que están sentadas como público.

Sr. Calviño, non nos mesture coa Policía. Nós non acusamos nunca á Policía, os

informes da Policía están aí pero hai informes que vostedes non recolleron nos seus documentos e logo llos vou ler. É curioso que o Grupo municipal do Partido Popular teña un informe que a vostedes non lles chega; iso só se aclara dun xeito: chamando a esa persoa e que diga se é ou non certo o que escribiu, que veña aquí e se lle pregunta porque senón o problema vai ser que a van chamar dos xulgados e vai ser moito máis grave. Entón si que a situación será delicada.

En calquera caso dá igual un informe ou outro. Os informes da Policía, que tamén vou ler para que o público se decate, sobre todo para que os cidadáns e os veciños e veciñas de Vigo que hoxe non poden estar aquí presentes saiban o que pasou. O informe di claramente que recibiron ordes de vostede e do xefe do Gabinete do alcalde; mesmo di que hai unha orde de entrada ás oito e media da mañá e logo se rectifica. Se a cola era a que era e lle ían dar a entrada por ese lugar, por que cambian logo? Cambian porque vostedes meteron por detrás ós seus amigos. Voulles demostrar que son os seus amigos e familiares, Sr. Calviño. Ese día aí sentados había amigos, afiliados do Partido Socialista e familiares directos de vostedes, dos concelleiros. Pero iso llo vou dar aos poucos porque quero centrar a miña intervención para que vostedes saiban realmente o que se está facendo.

Nós non temos nada contra a Policía porque a respectamos. A Policía cumpre coas ordes de vostede e do Sr. Alcalde, eles mesmos din nos partes que reciben ordes do concelleiro de Seguridade e do xefe de Gabinete do alcalde.

Con respecto ós temas de violentos ou non, Sra. Silva, vostede está errada pero o que máis me preocupa de vostede é que evidentemente non tivo que pasar por unhas urnas, foi colocada “a dedo” polo Sr. alcalde neste Pleno e iso si que é grave, que unha concelleira chame violentos a un grupo municipal elixido polos cidadáns, que diga que estamos ó carón dos violentos. Coido que debería ter un pouco de respecto, pediríalle que o retirase porque o Partido Popular non está ó carón dos violentos. Pídolle que o retire.

SRA. SILVA REGO: Ratifícome en todo o que dixen.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. secretario, que conste en acta o que está dicindo a Sra. Silva sobre que o Partido Popular está ó carón dos violentos. De verdade, pouco respecto ten vostede polos que foron elixidos nas urnas. Vostede só ten un mérito:

designada “a dedo” polo Sr. alcalde. Vostede saberá por que o está. Ese é o mérito que ten vostede.

Sr. Domínguez Olveira, sobre as manifestacións que acaba de facer sobre que o Partido Popular tenta crispar á cidade, non. O Partido Popular o que tenta é clarexar unha situación acontecida o día 29 de atentado contra a liberdade dos vigueses e viguesas, única e exclusivamente. Ademais sorpréndenos moito que vostede e o seu grupo que foi un dos que propuxo e promoveu o Regulamento interno deste Concello no ano 93/94, agora todas aquelas cuestións que vostedes defendían semella que non teñen valor nin mérito para vostedes.

Coido que o Grupo do BNG hoxe parecía un voceiro máis do Partido Socialista. Sentírame frustrado se fose militante do Bloque Nacionalista Galego. Hai un refrán galego que di: “quen te viu e quen te ve”, non vostede a nivel persoal, senón a nivel político porque quero diferenciar as cuestións. Quen miraba ó Bloque coas súas reivindicacións de participación e mesmo cando alguén viña aquí e quería falar nun Pleno vostedes dicíanlle ó Sr. alcalde que non o botara, que non o expulsara, etc., e algunha vez vostedes erguéronse dalgunha sesión mesmo porque algún alcalde dixo que identificaran a algunha das persoas que estaban na sala.

Sr. Domínguez Olveira, ese día 29 que é o importante, o fondo do tema polo que estamos falando, unha das cuestións máis importantes como é a democracia e sobre todo nun órgano de representación como este que é un Pleno, e vostede di “...se este órgano de representación serve para isto...” Claro que serve para isto, é para o debate político, este é un órgano de debate político onde cada un dos grupos e dos concelleiros pode expresar libremente a súa opinión e manifestar o que coide oportuno.

Parécenos que se hai un atentado, un abuso contra a liberdade dos cidadáns, loxicamente hai que o recoller porque hai probas máis que suficientes para lle demostrar a todos e á cidade de Vigo que nese Pleno do día 29 de decembro houbo persoas que entraron pola parte de atrás. Logo llo vou ler e hai algún deputado socialista que di que el pode entrar libremente porque ten a acta de deputado. Pero en que ROF está escrito que un cargo público poida entrar nunha sesión pública por calquera porta única e exclusivamente por seren deputado? E en troques o deputado do Partido Popular que estaba quedou fóra porque non o deixaron pasar. Onde está para vostedes esa diferenza? Ese deputado dio claramente nas súas

manifestacións.

Hai persoas que estaban aquí dentro que din que non saben por onde entraron. Algún di: “Entrei un pouco andando, outro pouco en coche”, dino nas declaracións recollidas polos medios de comunicación dese día, de todos os xornalistas que estaban aí. Seguramente se isto se leva ó xulgado ó final imos ter que ir declarar absolutamente todos, Sr. Domínguez Olveira, e as declaracións dos xornalistas que foron testemuñas porque estaban máis de vinte medios de comunicación, recóllense en todos os soportes: en cintas, vídeos, hemerotecas, en todas as partes; todo está perfectamente recollido.

Vostede di que por que despois dun mes e trece días presentamos este Pleno. Voullo explicar, vou empezar por aí.

Non sabemos se ten vostede comunicación co alcalde ou non e igual non se decata, seguramente non lle pasou todas as peticións que o Partido Popular lle fixo ó Sr. Alcalde. Nós chegamos a este Pleno por falla de información do goberno, falla de transparencia, por non convocaren unha Xunta de Voceiros, porque o alcalde non chamara ó Grupo popular e explicara o concelleiro de Tráfico como foi a situación. Ata o día de hoxe non tivemos nin unha soa chamada con respecto a este tema, nin unha soa reunión, nin un só comentario nun corredor como se procedeu sempre neste Concello cando hai un tema de gravidade.

Vostede sábeo. Cando aquí rebentaron un Pleno anterior do Plan Xeral houbo unha Xunta de Voceiros que tomou a decisión por unanimidade de realizar o Pleno a porta pechada e logo houbo un informe e unha investigación onde se recolleron todas aquelas persoas que estaban e todos por unanimidade tomamos a decisión do levar ó xulgado. Lembra vostede, Sr. Domínguez Olveira?

O Partido Popular presentou o día 2 xaneiro, primeiro día hábil do ano, un escrito onde se dicía: “O abeiro do art. 14 se poña ó noso dispor a relación de persoas que asistiron como público ó Pleno extraordinario deste Concello realizado o pasado 29 de decembro”. Pediamos a relación de persoas que asistiran e denegóusenos argumentando a protección de datos. Isto é unha sesión pública, hoxe todos podemos coñecer ás persoas que están aí, mirarlles a cara e poñerlles nome porque é unha sesión pública. Hoxe todas as persoas que están aquí saben que mañá poden saír nos medios de comunicación, polo tanto a protección de datos, de que? Estamos pedindo a relación para saber, para identificar ás persoas e sacar as



nosas conclusións. Isto foi o día 2 de xaneiro.

O día 8 de xaneiro dicimos que se non se nos envía a documentación seguiremos investigando ata o final con todas as consecuencias. Remitímoslle outro escrito ó alcalde dicíndolle que non nos parece correcta a documentación que dá, que as sesións son públicas e que polo tanto se non nos facilita a información por calquera canle, imos investigar ata o final. Di claramente: “A respecto da súa negativa a non nos entregar o listado de asistentes ó Pleno, cómpre sinalar que este grupo de persoas asistiu a un acto público polo que non se pode pretender protexer a súa identidade xa que logo as fotografías de prensa e máis as imaxes emitidas por televisión amosan ás claras cal é a súa identidade, mesmo a dos cargos públicos presentes”. Dicimos que se non nos dan a documentación seguiremos pedíndoa. A isto o Sr. López Font dinos o seguinte: “O Pleno descorreu con normalidade democrática, con asistencia do público por orde de chegada e coa máxima seguridade para garantir o exercicio democrático”. Isto foi o 8 de xaneiro.

O día 10 de xaneiro emitimos outro escrito pedindo todos os informes da Policía que obrasen en poder do goberno. Logo lerei estes informes para lles demostrar o que di a Policía. O día 11 de xaneiro fan públicos os informes sen llos dar á oposición. Pedímoslle eses informes o día 10 e, Sr. Domínguez Olveira, escoite isto porque seguramente non se decatou porque están noutro goberno e teñen que se decatar, o alcalde deulles os informes ós medios de comunicación e ó Grupo do Partido Popular non llos remitiu ata o día 13. Esa é a transparencia deste goberno.

O día 21 reiteramos a solicitude dos informes da Policía porque non nos chegaran todos que logo nos remiten. Como xa nos parecía unha tomadura de pelo todo o que estaban facendo, o día 6 de febreiro fixemos a solicitude deste Pleno.

Polo tanto, Sr. Domínguez Olveira, aquí ten a explicación de por que o Partido Popular fai tantos pedimentos e solicita este Pleno logo dun mes: porque non nos fan caso, tomáronnos o pelo, estiveron burlándose da oposición e por suposto tamén dos cidadáns e isto si que nos parece un tema bastante grave.

Para que saiban o que din os informes da Policía Local, léolles: “O inspector principal que subscribe por medio do presente informa a vostede que conforme ás ordes recibidas por Xefatura procedeuse a establecer o correspondente dispositivo de seguridade... No momento de entrar na quenda de mañá, 6,30 horas, xa se atopaban concentradas na Praza do Rei unhas cincuenta persoas que foron

aumentando a medida que se acercaba a hora prevista para o comezo da sesión". O inspector di que ás 6,30 da mañá, cando chegou a súa quenda, xa había unhas cincuenta persoas esperando na Praza do Rei para entrar.

"A partir das 8,30 esas persoas que chegaron a un número aproximado de duascentas, ó longo da mañá concentráronse diante da porta de Xefatura, algunhas delas nerviosas e preocupadas pola posibilidade de non poder acceder á sala e porque se lles puideran adiantar outras que chegaran máis tarde, chegando producirse algún conato de agresión entre partidarios dos distintos posibles resultados e reprochándose a súa pertenza a determinados partidos políticos. Os devanditos conatos foron cortados polo resto do público e ninguén manifestou o seu desexo dos denunciar". É dicir, ás 8,30 da mañá había máis de duascentas persoas na cola.

"Presente nas dependencias policiais, o Sr. concelleiro delegado de Seguridade manifesta o seu desexo de que o público comece a acceder ó vestíbulo anterior á sala". O concelleiro delegado de Seguridade dille ó inspector que proceda para abrir as portas e que todos os que estaban na cola entraran na sala de Plenos. Polo tanto había unha cola, coincidimos todos en que había unha cola? Porque este é un tema importante.

"Presente nas dependencias policiais xa a partir das 8,30 e moi gradualmente, comentando quen subscribe que consideraba persoal e profesionalmente permitir ese acceso máis tarde, cando xa estivera próxima a hora de inicio xa que o devandito vestíbulo non ofrece condicións para manter demasiada xente en espera e non sendo posible o acceso á sala, agás prensa, ata que o Sr. alcalde abra a sesión e a declare pública". É dicir, o concelleiro delegado de Tráfico dálle unha orde ó inspector, ó xefe nese momento ó fronte do dispositivo, pola que lle di que é imposible acceder ó vestíbulo e que non entren eses policías. Perfecto.

"Os efectivos policiais estaban distribuídos nos distintos accesos ó edificio do Concello: vestíbulo de oficinas de Policía, vestíbulo de entrada no salón de sesións e interior, en número suficiente para intervir con garantías en caso de ser necesario. Ás 8,45 ordénaseme dende Xefatura que comece entrar o público e cando se ía proceder a cumprir a orde, esta é rectificadora (dálle a orde e ás 8,45 rectifícase) no sentido de que xa había persoas no interior da sala e que deberíamos agardar a ver cal era o número de cadeiras que quedaba libre, xa que

como é habitual tan só accede público en cantidade igual ou inferior ó número de cadeiras dispoñibles para evitaren público de pe ó non proceder dadas as condicións do local. Significar que dende as 8,00 aproximadamente xa se atopaba permitido o acceso a persoal de prensa gráfica e escrita para evitaren estas aglomeracións dado o importante número de medios utilizados. Ese persoal figura rexistrado nas correspondentes follas onde figura o número de tarxeta de identificación asignada. Ás 9,00, hora prevista de comezo do Pleno, mantense a mesma orde, é dicir, permanecer á espera de saber cantas prazas quedarían libres e son informado polos inspectores de servizo responsables dos distintos puntos de que no interior da sala xa hai público ademais de prensa”.

Quen está mentindo? Por onde entraron esas persoas se a Policía non se decatou? Aquí está o parte do inspector que ese día levaba o tema.

Pero lles vou ler outro informe que non aparece, chegou ás nosas mans e nos gustaría de verdade, por profesionalidade porque a nós, ó terceiro ou ó cuarto día de se realizar o Pleno, chegounos a información dun parte de servizo que non aparece en ningún expediente. Gustaríanos que o goberno clarexase esta situación porque están poñendo en dúbida a unha persoa da que eu non vou desvelar o nome ata que o goberno nos confirme ou non esta situación.

Este parte non aparece no expediente pero di o seguinte: “Día 29 de decembro de 2007. Inspector principal (non vou dar nin o seu nome, nin os datos). Polo presente particípolle a vostede que por mor da realización do Pleno para a aprobación do PXOM que se levou a cabo no día da data, montouse un dispositivo de filtro co mesmo protocolo de todos os Plenos co fin de identificar a todos os cidadáns que presencien o mesmo por medio do seu DNI e entregándoselle unha escarapela identificadora. A primeira hora da mañá de entrada á quenda xa se atopaban no patio da Xefatura e na explanada da Praza do Rei un número importante de cidadáns á espera de entrar (coincide co informe do outro inspector). A entrada ó Concello dispúxose por orde superior pola porta da Xefatura (alguén díxolle que a entrada era pola porta da Xefatura) ó igual que en calquera outra ocasión que require especial atención, mantendo para iso pechado o enreixado de entrada á lonxa. Os ánimos dos asistentes estaban crispados pola chegada tardía de persoas que tentaban colarse. A partir das 8,00 horas, aproximadamente, deixouse entrar á prensa co fin de que tivesen tempo de se colocar na Sala de Plenos. Nas

dependencias de Xefatura atopábanse o concelleiro de Seguridade e o asesor do Sr. alcalde que indicaban ó intendente os tempos e formas de pase”. Un dispositivo policial ten que estar dirixido ó minuto polo concelleiro de Seguridade e polo asesor do alcalde. É a primeira vez, na Policía de Vigo manda o asesor do alcalde. Imos ben.

“Sobre as 8,30 horas recibíuse a orde de deixar pasar ós que querían asistir como público e que a entrada a realizasen de dous en dous. Logo revogouse a orde e pospúxose ata que se avisase”. Coincide co informe doutro policía. Non estamos dicindo nada novo pero é reincidente. Deuse unha orde de pasar de dous en dous pero logo se revogou esa orde.

“Sobre as 9,00 horas os xornalistas que subían e baixaban do Pleno comunicánnos que no Pleno había vintetrés persoas”. Miren onde está a gravidade do tema, por iso que os xornalistas van ser parte importante no que acontece no futuro. Un dos xornalistas dille a este inspector que había vintetrés persoas ocupando cadeiras sen ser de prensa.

“Pola porta da Xefatura non accedera ningunha, atopándose a folla de identificacións de público en branco. Persoado no salón de plenos comprobei que efectivamente se atopaba nel un importante número de persoas sentadas como público quedando aproximadamente unha decena de cadeiras baleiras”. É dicir, non só dicía que había as vintetrés persoas, senón que había unha decena de cadeiras baleiras.

“Poucos minutos despois tiven coñecemento de que se ordenou que se abrise unha porta polos garaxes de funcionarios porque ían entrar algunhas persoas autorizadas, ditas persoas foron ó pareceren as que ocuparon as cadeiras do Pleno”.

Gustaríanos saber quen deu a autorización a esas persoas autorizadas e que persoas eran porque o Grupo Popular en base a esta información que tiña pediunas e negáronsenos, Sr. Domínguez Olveira.

Segue dicindo o inspector: “Durante toda a xornada do Pleno non se deu ningunha orde de deixar entrar a ninguén polo lugar habilitado”. Esta frase é demoledora. Este inspector di que polos lugares habilitados que a el lle ordenaron non entrou ninguén.

Sr. Calviño, isto é real porque o poden testemuñar absolutamente todos, os

xornalistas que estaban, as persoas que estaban esperando, nós que estamos aquí e vostedes tamén. Saben que isto aconteceu así e o que nos molesta claramente é por que o representante do Bloque Nacionalista Galego tendo estas informacións non fai caso e coída que está totalmente investigado. Eu non río porque isto nos parece un tema moi grave.

Imos ir cara outro tema que é a independencia. Supoño que vostedes considerarán que os distintos medios de comunicación da cidade de Vigo son independentes, non é un só, son todos. Non lle vou dar os nomes de todos pero o son todos e pódolles asegurar que teño todos os recortes de prensa relacionados con este Pleno e todos os medios de comunicación da cidade, os escritos, as emisoras de radio, as canles de televisión, etc., recollen as seguintes cuestións: “Caballero impide cun cordón policial o acceso do público ó Pleno que aprobou o Plan Xeral de Vigo”. “Abel Caballero impide o acceso dos veciños ó Pleno do Plan Xeral”.

“O misterioso caso do público que apareceu no Pleno”. “Un grupo privilexiado de cidadáns asegura que non sabe como entrou onte no Concello malia estaren todas as portas pechadas. O grupo privilexiado de cidadáns ós que Abel Caballero permitiu presenciar onte o Pleno do PXOM non sabe por onde entraron ó Concello. Como por arte de maxia e antes mesmo de que accedera a Corporación á sala, os agraciados xa estaban sentados, co número identificador colocado na solapa e dispostos mesmo a aplaudir as grazas dos seus, como se puido comprobar posteriormente. Interrogados sobre a porta que utilizaran para o acceso ó Concello, tendo en conta que todas aparecían pechadas e flanqueadas pola Policía, as respostas foron: “Non sei, entrei en parte en coche, en parte andando. Non sei porque non coñezo isto. Non sei moi ben, eu e a miña dona entramos por onde puidemos, por onde entrou todo o mundo”. O único que se amosou máis explícito foi o deputado socialista, Abel Losada, quen confesou que entrou con Manel Gallego, o secretario xeral do PSOE en Vigo e tamén deputado, porque ó seren deputado autonómico ten dereito a entrar en todas as dependencias públicas”.

Un deputado autonómico ten dereito a entrar en todas as dependencias públicas. Non se dan conta que con estas declaracións feitas e recollidas en todos os medios de comunicación están tombando vostedes sós o Pleno? Que dereito ten un deputado autonómico? O mesmo que calquera veciño que está a gardar cola e se lle toca entra e se non, non entra. Como pode dicir isto o Sr. Losada?

“Por este mesmo garaxe tamén accederon algúns achegados do Grupo Socialista, segundo confesou un despistado que descoñecía a clave do “non sei”, (errou e tragou). O certo é que ninguén se explica como un Pleno a porta pechada ó que se lle impediu o acceso ós cidadáns normais segundo definición da presidenta da Federación de Veciños, Elena González, tiña público. “Sería virtual”, pregúntanse algúns. “Sería por sorteo”, engadían outros sen saír do seu asombro. Nun momento dado chegou haber ata catorce cadeiras valeiras do público, preto da metade do aforamento destinado ós “enchufados”. Isto dio un medio de comunicación da cidade de Vigo.

“Só os catorce votos de PSOE e BNG aproban o PXOM nun Pleno a porta pechada”. Outro medio distinto di: “O público era un decorado, (serían figurantes) pois din o seguinte: “Non sei por onde entramos, uns fomos andando e outros en coche”. Por que porta entraron? Non sabemos. Din que non saben por onde entraron. “Non, eu non dixen iso, de que medios sodes?. Non queremos falar, xa os contestaremos ó remataren o Pleno”. Tres señoras moi incómodas cunha pregunta que debía ser sinxela”. “A un coñecido militante: “Por onde entrou?” “Pola Policía”. Non é posible, pero se nos dixeron que ninguén puido pasar por alí. “Bo, a miña dona e máis eu entramos por onde puidemos”. “A unha completa descoñecida: “Como entrou?” “Por unha porta. Eu é que coñezo isto” “Veu polo garaxe?” “Parte viñemos en coche e parte andando”. “A Abel Losada: “Por onde entrou?” “Eu estou como membro da Executiva galega, preguntarlle á xente, eu non vou falar diso” “Entrou polo acceso dos concelleiros” “Eu son deputado autonómico e teño dereito a entrar en calquera dependencia pública. Por que non falades da dificultade do acceso á vivenda?” Mentres os únicos que entraron e saían pola Policía eran os xornalistas ós que colocaban un dorsal para os identificar”.

“O truco final. O truco para o levar a cabo non consistía noutra cousa que colar ós seus incondicionais polas portas adxacentes do garaxe ata encher o aforo do salón plenario. Cando se abriron as súas portas á entrada xeral, os militantes socialistas coparan o aforo e polo tanto se prohibiu outra asistencia. En definitiva, exercéronse uns hábitos lamentables que non deberían rexer nun ámbito democrático. É unha anécdota que non deixa sen embargo de resultar explícita, cada quen é como é e niso non van nin crenzas, nin ideoloxía”.

Máis: “Un Pleno apto só para uns poucos privilexiados”. Outro: “A prohibición de

acceder ó salón de plenos con cadeiras valeiras cabreou a centenaes de veciños que gritaron na praza. Vintenove persoas en contra da Ronda que prevé o PXOM agardaban dende as 5,00 da mañá á porta da Casa Consistorial para asistir ó Pleno. A Policía impediu a súa entrada. "Temos esa orde", dixeron os axentes ás 9,00 horas de inicio do Pleno. Sen embargo entre o público se sentaban cargos socialistas comarcais e autonómicos cuxa forma de acceso se descoñece. "Nós non os vimos entrar", aseguran os veciños, e no salón de Plenos quedaron cadeiras valeiras. Este feito indignou ás asociacións..."

Outro medio distinto di: "A Policía Local impediu o acceso ó Concello ós cidadáns apostados na porta dende as 4,30 da mañanciña mentres socialistas ocuparon o salón do Pleno".

Sr. alcalde ou Sr. secretario, gustaríame saber se un deputado autonómico ten dereito a entrar nunha sesión pública sen gardar a correspondente cola. Gustaríame que me contestaran.

A PRESIDENCIA: Continúe a súa intervención, Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Gustaríame que nos contestara o Sr. secretario para clarear esta situación xurídica, senón terei que lle pedir un informe por escrito.

A PRESIDENCIA: Continúe a súa intervención, Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Non deixa que o Sr. secretario informe a este Pleno sobre o que din aquí os medios de comunicación, se un deputado autonómico pode entrar libremente a unha sesión pública.

Gustaríanos, Sr. secretario, que isto conste en acta e saiba que mañá lle imos mandar un escrito para que nos conteste o que queira.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, vostede sabe que todo o que se di aquí se grava e consta en acta polo tanto é redundante a súa petición.

SR. FIGUEROA VILA: Pero logo, Sr. alcalde, o audio non nolo deixa.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, reitérolle que consta en acta todo o que aquí se di.

SR. FIGUEROA VILA: Vou continuar co meu discurso, pero quero dicir publicamente que lle solicitamos o que está gravado ó Sr. Alcalde e non nolo deixou; chegámoslle facer unha segunda proposta, para que vexan vostedes que a nosa idea non era recoller iso e dar esa información, senón que lle dixemos que nós estabamos dispostos a escoitar ese audio coa presenza do secretario e de calquera membro do goberno. Pois tamén nolo denegaron e agora xa é a segunda vez que nun Pleno da Corporación non deixa falar ó Sr. Secretario.

Non creo que fose nada grave que o Sr. secretario dixera se un deputado autonómico ten outros dereitos distintos a calquera cidadán para entrar nunha sesión pública dun Pleno. Podía darse a circunstancia que viñesen todos os deputados autonómicos do Partido Socialista e xa non entrase ninguén máis porque eles teñen dereito e prioridade sobre os demais cidadáns.

Isto é para que vostedes vexan como é a forma de gobernar deste alcalde e deste goberno e a situación de calados que están os representantes do BNG. Non se deixa nin que se nos dea información do Pleno.

Todo isto non nos preocuparía se evidentemente non houberse denuncias no xulgado de todos os colectivos, dende o movemento veciñal, da Asociación Profesional de Peritos Inmobiliarios, afectados de San Pedro de Sárdoma, denuncias ó Valedor do Pobo, etc., mesmo perante a propia Fiscalía. Mesmo hai informes xurídicos do movemento veciñal, Sra. Silva, non somos nós sós, nin os que como vostedes queren tentar manipular e confundir á opinión pública. Xa veremos co paso do tempo quen ten ou non razón en canto ó fondo do Plan aprobado.

Sr. López Font, en canto ós violentos, nós dende logo hoxe no Pleno non fixemos ningunha manifestación fóra de ton, ningunha. Vostedes estannos calumniando a diario. Nós non calumniamos, dicimos a verdade e o que aconteceu neste Pleno.

Para ratificar todo isto que acabamos de dicir, o Grupo popular fixo unhas fotos e unha relación de todas as persoas que entraron nese Pleno.

*A intervención do Sr. Figueroa Vila foi interrompida en varias ocasións por berros e asubíos do público asistente no salón, tendo que reclamar silencio en varias ocasións a Presidencia.*



SR. FIGUEROA VILA: Como o Grupo popular deuse conta das persoas que estaban naquel Pleno, non creo que sexa nada malo que tivésemos unha testemuña gráfica delas. Nós entendemos que este Pleno é unha sesión pública, polo tanto todas as persoas que acoden a ese Pleno están expostas a saír nos medios de comunicación; buscamos toda a documentación para saber que persoas estaban naquel Pleno con nomes e apelidos.

Voulles dar a relación das persoas que estaban xa que o Sr. alcalde non nos quixo dar esa identificación.

SR. López Font, vostede dicía que non tiñamos probas e como isto é público, esta é a proba máis importante de quen son as persoas que acudiron a ese Pleno e esperemos que sirva para que vostedes se dean conta do erro que cometeron por non quererem clarear esta situación. Sr. López Font, estou no pleno dereito de dicirlles ós vigueses e viguesas quen eran as persoas que estaban e quero saber por onde entraron estas persoas, que alguén do goberno mo diga claramente.

Eu fágolle unha proposta: se vostedes dánnos a relación en privado, porque a teñen, e nos din os que entraron, nós non damos esta relación. Se vostedes non se comprometen a dar a relación ó Grupo municipal do Partido Popular, nós daremos a relación das persoas que estaban presentes neste salón plenario.

Coido que trece concelleiros merecemos unha contestación por parte do Sr. alcalde e do Sr. Domínguez Olveira. Nós temos toda a relación e repito que hai afiliados do Partido Socialista, amigos e familiares de seu.

Sr. Domínguez Olveira, Sr. alcalde, ou convocan unha Xunta de Voceiros e nos dan esa relación que nos negaron, ou nós daremos a relación das persoas con estas fotografías e aportarémolas onde corresponda.

SR. FIGUEROA VILA: Como o equipo de goberno non quere dicir a verdade, temos a obriga de lle dicir ós cidadáns a verdade das persoas que detectamos. Vou dar os nomes.

D<sup>a</sup> Ana Cortegoso, funcionaria do Concello, afiliada do Partido Socialista. A dona de D. Antonio Boullosa Pérez, afiliada do Partido Socialista. D. Fernando del Pino Rodríguez, afiliado do Partido Socialista. D. Miguel Alonso Araújo militante da

Executiva galega, afiliado do Partido Socialista. D. Antonio Boullosa Pérez, afiliado do Partido Socialista. D. Manuel Gallego Lomba, secretario xeral en Vigo do PSOE. D. Abel Losada ex-concelleiro e deputado do PSOE. D. José M<sup>a</sup> Sánchez, afiliado do PSOE. D<sup>a</sup> Erika Jaráiz, xerente da Mancomunidade e non vou dicir nada máis, xa o direi cando proceda. D. Hugo Gualde Cerruti, afiliado do PSOE. D<sup>a</sup> Angeles Mara Domínguez, afiliada do PSOE. D. Ramón Souto González, afiliado do PSOE. D<sup>a</sup> Ana Rosa Laura Mosquera, afiliada do PSOE. D. Gerardo Díaz Quintas, afiliado do PSOE. D<sup>a</sup> Nelly Pérez, agora secretaria da Alcaldía, foi na lista co número 13 do Partido Socialista. D<sup>a</sup> Leticia Gallego, asesora da Alcaldía e filla de D. Manuel Gallego. D<sup>a</sup> Josefina Silva Rego, irmá de D<sup>a</sup> Carmela Silva Rego. Esta é a relación das persoas. Colorados téñense que poñer vostedes por saber e coñecer a cidade de Vigo por onde entraron estas persoas e por onde se saltaron a cola de cidadáns, de veciños e veciñas que levaban dende as 6,00 da mañá facendo cola para entrar nesta sesión pública.

As sesións plenarias son públicas e en máis de vinte e cinco anos de historia deste Concello nunca se produciu unha situación coma esta nun Pleno, que vostedes deixaran entrar ós seus amigos, simpatizantes e familiares pola porta de atrás ocupando un sitio que debería estar reservado para todas aquelas persoas que gardaban cola e que por esa orde deberían entrar e participar nas sesións públicas. Esa é a democracia que hai que instalar nesta cidade e non o abuso, o autoritarismo e as decisións unilaterais que vostedes adoitan tomar.

Coido que queda perfectamente demostrado que vostedes actuaron vulnerando as leis, tomándolle o pelo ós cidadáns, a esas persoas que ás 6 ou ás 6,30, á hora que fose, estaban gardando cola e, o máis grave de todo, que seguen enganando, mentindo e falseando a realidade.

A realidade, Sr. alcalde, é esta, a que coñecen todos os veciños e veciñas que estiveron na Praza do Rei, a que coñecen todos os medios de comunicación da cidade de Vigo e, o máis triste e lamentable de todo, esta é a realidade que coñece vostede tamén porque vostede sabe que actuaron con premeditación, dun xeito intencionado, saben vostedes que actuaron para que o público non puidese asistir a este Pleno.

Polo tanto nós condenamos e reprobamos a súa actitude e condenamos e reprobamos a actitude e pedimos o cesamento do concelleiro de Seguridade

porque é coñecedor de todo o que sucedeu e aí están os partes da Policía que testemuñan e clarexan calquera situación. Había unha orde ás 8,30 da mañá, esa orde revogouse e os inspectores, cando pensaron que se ían abrir as portas, un inspector acudiu á sala de Plenos e deu conta que a sala estaba ocupada por estas persoas ás que nós a nivel persoal respectamos, pero que vostede os levou a cometer unha ilegalidade.

Que un deputado diga que ten dereito a entrar porque é deputado é que nos está tomando o pelo. Con esta relación de persoas quere tomarlle o pelo á cidadanía, a esas duascentas ou o número de persoas que fose que estaban esperando para acudir ó Pleno? Tomarlle o pelo á Policía Local? Porque vostedes si que lle tomaron o pelo á Policía Local enganándoa, os que estaban ó mando din claramente por onde tiñan que entrar as persoas e que polo lugar habilitado non entrou nin unha soa persoa, entraron por outros lugares que non eran os habilitados. Se houberse que cambiar ese procedemento, vostedes llo tiñan que comunicar a todas as persoas que estaban na cola. Pero o curioso é que as persoas que puideron entrar son só as persoas que teñen vinculación con vostedes.

Non lles cae a cara de vergoña de pensar que as persoas que entraron neste Pleno foron única e exclusivamente as que vostedes designaron co seu dedo? A iso como se lle chama? Sectarismo, partidismos, anti-democracia, anti-transparencia, seren opacos e actitudes caciquís que non son destes tempos, son doutras épocas nas que se manipulaba, se confundía, montábanse decorados e buscábanse figurantes. Coido que non paga a pena facer iso única e exclusivamente por aguantar catro berros que entran dentro da dinámica do que é un concello, unha cidade ou unha situación de normalidade, de democracia e de participación. Todos tivemos que aguantar neste Pleno moitas veces situacións en contra que non nos gustaban e aguantamos ata o final. O Sr. alcalde ou alcaldesa correspondente pedíalle ó público nalgúns caso que se calara e o público calaba pero manifestaba a súa opinión.

Queren vostedes coartar a posibilidade de que os cidadáns abran a boca ou pretendan dicir o que pensan? Sexan o número que sexan. Parécenos que esa actitude dun goberno non é a que queremos para esta cidade.

Sr. Caballero, nós temos claro que vostede era consciente de todo o que facía e de que o fixo con premeditación.

Sr. Domínguez Olveira, se non se decatou, coido que logo de hoxe debe estar decatado de todo o que pasou. A partir de agora non valen desculpas de enfrontamentos. Se isto sucedese ó revés non sabemos o que montaría vostede e, Sr. Domínguez Olveira, seguramente non estaríamos aquí falando disto, falaríamos doutras cousas e non quero lembrar tempos pasados cando acantoaron ou tentaron manipular certa situación. Se a vostede lle fixeran isto, con membros do Partido Popular aí sentados nun Pleno que non entraran pola porta habitual e que esas persoas foran cargos do Partido Popular, correrían moitos ríos de información nos medios de comunicación que non é o que fixemos nós.

Nós aguantamos, pedimos información, Sr. Domínguez Olveira, e negóusenos. Se esa información se nos dera, hoxe estaríamos a falar doutra historia.

Vostedes obrigáronnos chegar a esta situación, a solicitar este pleno extraordinario pedindo a reprobación e o cesamento do concelleiro. Enganouse á cidade, ós veciños e veciñas. Iso está totalmente demostrado nos feitos que acabamos de relatar. Nós estámoslle facendo un favor á cidade, ós veciños e veciñas para que isto non volva suceder. Abondaría con que isto non sucedera nunca máis na historia desta cidade.

Imos esperar que situacións similares non ocorran. Esperemos que este Pleno sirva dun xeito testemuñal para que as sesións sexan públicas, para que exista transparencia, información e que por suposto, Sr. Alcalde, deixe tamén ós técnicos da Casa que nos informen e asesoren.

Coido que non sucedeu nunca que se un grupo político pide a un secretario unha información xurídica se lle negue, xamais ocorreu isto nesta cidade. O secretario e o interventor sempre informaban ós grupos da oposición, ós do goberno ou a aqueles concelleiros que o coidasen oportuno, polo tanto vostedes unha vez máis hoxe amosan esa falla de transparencia.

Nós queremos que polo menos este Pleno sirva para que a cidade de Vigo non volva ter unha situación destas características, que as sesións sexan públicas, que o alcalde abra a sesión pública, que os cidadáns se poidan identificar e chegar libremente a este salón de Plenos e que non se faga unha manipulación, un decorado, que non se collan persoas próximas, se tenten meter pola porta de atrás porque ó final esas persoas teñen que saír á luz pública porque estes temas hainos que denunciar e sobre todo para que non volvan pasar, para que non se manipule e

que non se volva dar o abuso de poder nesta cidade xamais. Iso é o que nos ten que mover a todos os corporativos.

É importante que os gobernos fagan proxectos, que saquen adiante todas as iniciativas e demandas dos cidadáns, pero o máis importante da democracia é que os cidadáns, os veciños e veciñas saiban que nunha institución como é o Concello de Vigo hai transparencia, democracia, liberdade e que todos podemos ter acceso á información, acceso ás sesións públicas e non só uns cantos por pertencer a un partido, por ser amigos ou familiares de calquera de nós. Coido que iso é o que a democracia non pode permitir.

Por suposto, logo do que se escoitou neste Pleno e das declaracións de cada un dos grupos, o Grupo Popular séntese moi satisfeito de ter solicitado este Pleno extraordinario. Cada vez máis e agora que remato a miña intervención ratificámonos moito máis nesta solicitude de Pleno, sobre todo porque aí hai moitas testemuñas, dende a Policía, que o saben, os medios de comunicación, que o saben, os veciños e veciñas que o saben e que estiveron pendentes e gardando cola e tamén aqueles que entraron pola porta de atrás e que estou totalmente convencido de que o cen por cen desas persoas non entrarían de coñecer a situación. Esas moitas persoas que ó mellor traballaron na nosa cidade pola defensa da democracia e pola igualdade, tanto a nivel persoal como a nivel político porque a algúns os coñezo e sei que foi así, estou totalmente convencido de que se vostedes os volveran tentar manipular, esas dezoito ou vinte persoas non entrarían pola porta de atrás, nin a escuras, nin falseando unha situación de legalidade. Non con todos, pero por algúns poría a man sobre o lume. Evidentemente caeron na trampa de vostedes, no truco de tentar manipular esta sesión pública e a fe que o acadaron. Manipularon a sesión pública, a sesión pública non se levou a cabo e agora evidentemente vostedes son responsables das consecuencias, das protestas, das denuncias ou das demandas que presenten cada un deses colectivos.

A PRESIDENCIA: Rematado o debate procedemos á votación. Votaremos os dous puntos por separado.

VOTACIÓN DO PUNTO PRIMEIRO DO PLENO.- Con catorce votos en contra dos Sres.

e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a solicitude de dimisión do concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, solicitada por escrito núm. 80015409, data de entrada no Rexistro Xeral do 6 de febreiro, asinado polos membros do Grupo Municipal do Partido Popular que se sinalan los antecedentes deste acordo.

VOTACIÓN DO PUNTO SEGUNDO DO PLENO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a solicitude de reprobación do Alcalde-Presidente, solicitada por escrito núm. 80015409, data de entrada no Rexistro Xeral do 6 de febreiro, asinado polos membros do Grupo Municipal do Partido Popular que se sinalan los antecedentes deste acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e mais a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 28 de xaneiro de 2008. Consta de 20 folios da serie A numerados do 2141178 ó 2141197, e números do 71 ó 90. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 28 de abril de 2008.

Vigo, a 28 de abril de 2008

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda